

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 27 de abril de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

14.- Adxudicación, se procede, do contrato das obras de execución da reforma para a adaptación á Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia e mellora da accesibilidade na piscina termal de As Burgas. (Expediente nº 2022024342).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade, acordou:

Primeiro.- Adxudicar a Coviastec SL, titular do NIF B32240210, o contrato das obras de execución da reforma para a adaptación á Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia e mellora da accesibilidade na piscina termal de As Burgas (expediente nº 2022024342), de acordo co proxecto técnico e o prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e as ofertas presentadas, por resultar a oferta coa mellor relación calidade-prezo, por un prezo de 453.655,55 €, en concepto de principal, e 95.267,67 €, en concepto de IVE, para un total de 548.923,22 €, o que representa unha baixa do 4,78% con respecto ao orzamento de licitación.

Melloras:

- Mantemento integral das instalacións: 36 meses.
- Aumento do prazo de garantía: 24 meses.
- Redución prazo de execución: 4 meses.
- Colocación sistema de vídeo vixilancia mediante cámaras no exterior. Sistema anti-intrusión. Mantemento da instalación durante 1 ano.
- Subministro de sonda paramétrica para a medición de pH, temperatura, outra para medición da turbidez da auga, e medidor de clorímetro.
- Colocación de cartellaría con indicacións de uso de baño e plano do espazo termal.
- Esqueneiros en zona de azulexado en aseos e vestiarios.
- Axardinamento e sistema de rego en xardín exterior.
- Pantalla dixital de información de datos. Instalación wifi.
- Sistema de control de acceso dos usuarios ás instalacións.

Financiamento:

Nº operación	Aplicación orzamentaria	Proxecto de gasto	Ano	Importe
202300010224	300.4391.61909	22-2-30-02	2023	548.923,22 €

Segundo.- Dar traslado á Tesourería municipal do acordo precedente aos efectos contables oportunos.

Ourense, na data da sinatura electrónica.
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Armando Ojea Bouzo

